
Quercus suber L., 1753

- sobreira, corticeira, cortizo, sobro
- alcornoque
- arte kortxoduna, kortxo-haritz
- suro, alzina surera
- cork oak
- sobreiro



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA PM

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Fagales**	**Fagaceae**	***Quercus***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Porte arbóreo. Tamaño medio, pode acadar entre 10 e 20 metros de altura. Árbore perennifolia. Copa ampla e irregular. Codia espesa, elástica e rugosa, formada por cortiza natural. Follas alternas, duras, coriáceas e persistentes, de cor verde escura na face e pálidas no envés. Bordos con pequenos dentes, duns 2 a 7 cm de lonxitude. Flores masculinas en amentos colgantes amarelentos e femininas pequenas e axiomáticas. Florece na primavera. O seu froito son as landras, de forma ovoide e 2-3 cm de longo; presentan unha cúpula escamosa que cobre aproximadamente a metade superior e teñen un pedúnculo curto. Maduran no outono.

HÁBITAT

Medra en solos silíceos, ácidos e areosos. Non tolera solos calcarios. Aparece en zonas ben drenadas. Vive en climas mediterráneos húmidos ou subhúmidos, con invernos suaves e veráns secos.

DISTRIBUCIÓN

Nativa do oeste do Mediterráneo: Península Ibérica, sur de Francia, Córsega, Italia e norte de África.

CURIOSIDADES

É empregada como fonte principal para a extracción de cortiza natural, xa que a extracción da cortiza non dana a árbore e permite unha produción sostible.